



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

ACTA Nº 2026/11 SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Na Casa do Concello de Coirós, sendo as 14:24 horas do día 12 de xuño de 2026, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Preside a sesión o alcalde-presidente D. Francisco Quintela Requeijo, asistindo os Sres/as. Concelleiros/as:

CONCELLEIROS PRESENTES

- D. Juan Carlos García Barreiro
- D^a. María Yolanda Valiño Pena
- D. Francisco Manuel Crespo Gómez

AUSENCIAS:

Ningunha

Actúa como secretaria María Cristina Varela García, secretaria-interventora do Concello de Coirós.

Declarado aberto o acto, e dado que existe o quórum esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, comeza o debate dos asuntos incluídos na orde do día.

1.º Aprobación da acta da sesión anterior celebrada o 26 de maio de 2026.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. alcalde pregunta se algún membro da Xunta de Goberno Local ten que formular algunha observación á citada acta.

Non habendo observacións, queda aprobada a acta da sesión ordinaria do 26 de maio de 2026.

2.º. Concesión de axudas

2.1. Aceptación de emerxencia social expediente 2026/S009/000013.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 11 de xuño de 2026, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: aceptación de emerxencia social expediente 2026/S009/000013.

Visto o informe presentado pola Traballadora Social, M^a Rosario Cal Dopico, con data 10/06/2026, relativo a un caso de emerxencia social para o expediente 2026/S009/000013.

Consta providencia da Alcaldía e dilixencia “intervido e conforme” emitida pola secretaria-interventora municipal con data 10/06/2026.

Existe crédito axeitado e suficiente na partida “A familias e Institucións sen fins de lucro” partida 256.231.48 para facer fronte a este gasto por importe de 154,10 euros.

Vista a delegación de competencias feita pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local, por Decreto núm. 75/2026 do 13 de abril (BOP nº 75 do 23/04/2026), o órgano competente para a concesión de “axudas directas cando se acrediten razón de interese público, social, económico ou humanitario que dificulten a súa convocatoria” é a Xunta de Goberno Local.

Visto o exposto, elevo á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

PRIMEIRO: Aprobar a petición de axuda económica por emerxencia social para cubrir as necesidades do expediente 2026/S009/000013, polos motivos expostos no informe social de data 10/06/2026 que consta no expediente.

SEGUNDO: Aprobar e ordenar o pagamento por importe de 154,10 euros, que se fará efectivo mediante transferencia bancaria á taxista de Coirós con licenza nº 4.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo ao solicitante, con indicación dos recursos que procedan.

Coirós na data da sinatura dixital

O alcalde

Francisco Quintela Requeijo”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

3º. Padróns fiscais e dereitos de ingreso

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

3.1. AUTORIZACIÓN ACOMETIDA. EXPTE: 2026/U010/000006

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 8 de xuño de 2026, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: AUTORIZACIÓN ACOMETIDA . EXPTE: 2026/U010/000006

Visto o informe técnico emitido pola arquitecta municipal Iria Pérez Miranda en data 03.06.2026, que literalmente di: “ INFORME TÉCNICO **EXP:2026/U010/000006**

DATA: RE-999_187 (25/032026) – RE-9_204 (02/06/2026) – RE-999_556 (03/06/2026)
ASUNTO: AUTORIZACIÓN ACOMETIDA AUGA
INTERESADO: ESPINA & DELFIN SL B15026693
PRESENTADOR: Rocio Pérez González (****563**) **EXP:2026/U010/000006**
ABONADO: Maria Presentación Souto Miser (****092**)
SITUACIÓN: **Queiris 44A**
REF CAT: 6509606NH6960N0001QK
DOCUMENTACIÓN: Solicitud de servizo. Uso doméstico

ANTECEDENTES:

1º/ Con RE-999_187 (25/032026) Rocio Pérez González (****563**) en representación da empresa ESPINA & DELFIN SL B15026693 (concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento) achega a seguinte documentación:

- Instancia xeral solicitando aprobación da solicitude conforme ao artigo 22 do Regulamento de Augas de Coirós
- Acreditación de representación
- Solicitud de servizo. Copia DNI recibo pago IBI

2º/ Con RE-9_204 a través do SIR ten entrada no Concello de Coirós Comunicación de declaración responsable presentada ante Augas de Galicia con Clave DH.W15.117301

3º/ Con RE-999_556 (03/06/2026) Rocio Pérez González (****563**) en representación da empresa ESPINA & DELFIN SL B15026693 (concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento) achega ao expediente a seguinte documentación:

- Acreditación de representación
- Croquis da acometida e redes existentes
- Orzamento: Taxa acometida: 918,67€ + Exceso 2ml: 34,07€+IVA

DATOS:

DATOS DO ABONADO	Maria Presentación Souto Miser (****092**)
------------------	--

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

REF. CATASTRAL	6509606NH6960N0001QK
SERVIZOS SOLICITADOS	- Acometida abastecemento - Contrato/ alta abastecemento
DOC. APORTADA art 7/22	- IBI - NIF
TARIFA PROPOSTA	Uso doméstico
DESCRIPCIÓN DAS OBRAS	Rede existente abastecemento: PVC Ø63 Rede existente saneamento: non existe Acometida abastecemento: PEBD Ø32. 7m Extensión: -
ORZAMENTO:	Taxa acometida: 918,67€ + Exceso 2ml: 34,07€+IVA
PLANO REDES	Croquis
INMOBLE	Dato catastral: uso residencial dende 2000
SECTORIAIS	- Zona de policía de cauce.Clave DH.W15.117301

INTEGRIDADE DOCUMENTAL:

A documentación achegada considerase completa.

LEXISLACIÓN E NORMATIVA APLICABLE:

- 1- Plan Xeral de Ordenación Municipal de o concello de Coirós, aprobado definitivamente o 19 de setembro de 2002, publicada a aprobación no DOG o 07/10/2002 e no BOP xunto coa normativa o 15/10/2002. (PXOM)
- 2- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia. (LSG)
- 3- Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro.
- 4- Plan Básico Autonómico de Galicia aprobado por Decreto 83/2018 de 26 de xullo.
- 5- Lexislación sectorial de aplicación
- 6- Regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga e saneamento. (BOP 43 21/02/2008 modificado BOP 210 de 05/11/2012)
- 7- Ordenanza reguladora da taxa polo servizo de rede de saneamento e depuración de augas residuais (BOP 43 21/02/2008)
- 8- Ordenanza reguladora da taxa polo servizo de rede de saneamento e Deputación

CLASIFICACIÓN/ CUALIFICACIÓN DO SOLO E NORMATIVA APLICABLE:

O ámbito obxecto do presente informe atópase en terreos clasificados no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Coirós como SOLO DE NÚCLEO RURAL.

Disposición transitoria primeira da LSA- *Réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado ou sen planeamento establece no apartado 2.c) Ao solo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións de solo non urbanizable de núcleo rural, nas súas áreas de influencia ou tolerancia, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo.*

As obras previstas para a acometida discorre segundo a documentación achegada por viario público.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

O artigo 162 do PXOM de Coirós establece que o réxime urbanístico do sistema xeral de infraestruturas básicas e servizos será o previsto na lexislación sectorial correspondente.

O artigo 92 da LSG establece que as construcións de cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes en zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4m do eixe da vía pública á que dean fronte agás que o instrumento de ordenación urbanística estableza unha distancia superior. O contador deberá situarse a unha distancia de 4m do eixo agás peches consolidados.

DOMINIO PÚBLICO:

Coas obras pretendidas é necesario realizar obras no viario de titularidade municipal. As obras serán realizadas pola empresa concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento municipal, servizo que segue a ostentar a condición de servizo público municipal.

TRAMITACIÓN E REGULACIÓN:

O artigo 2 do Regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga e saneamento establece que a concesionaria tramitará a executará as acometidas de subministros de auga e saneamento.

O artigo 22 establece que toda persoa que desexe acometida de abastecemento de auga potable e/ou acometida de vertido de augas residuais, fará unha solicitude ao servizo municipal de augas o cal realizará un informe das condicións necesarias para a conexión que entregará no concello para que proceda ao seu estudo e aprobación se o consideran oportuno.

A aprobación por parte do concello será trámite indispensable para proceder á conexión á rede municipal, así como un orzamento, segundo a tarifa vixente, do custo de ditas acometidas, que satisfará o solicitante antes de dar comezo ás obras.

Artigo 34 Regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga e saneamento

Os abonados ao servizo de augas deberán obrigatoriamente conectarse á rede de saneamento cando as súas vivendas ou instalacións se atopen a menos de 100 metros da rede pública, que quedarán obrigatoriamente fora de servizo todas aquelas fosas sépticas que se atopen a esa distancia da rede pública de saneamento.

LEXISLACIÓN SECTORIAL:

Segundo os datos obrantes no Plan Básico Autonómico as afeccións sectorias nos terreos onde se pretenden as obras son:

AUGAS DE GALICIA. ZONA DE POLICÍA

Os terreos onde se pretende obrar atópanse na zona de policía dun cauce fluvial. Obra no expediente informe de Augas de Galicia da Comunicación de declaración responsable presentada ante Augas de Galicia con Clave DH.W15.117301.

CONCLUSIÓN:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Non se ve inconveniente na realización da acometida de abastecemento á abonada Maria Presentación Souto Miser (****092**) na vivenda con referencia catastral 6509606NH6960N0001QK no lugar de Queiris 44A."

Para que conste aos efectos oportunos en Coirós o 3 de xuño de 2026
A arquitecta municipal.
Iria Pérez Miranda

Visto o disposto nos artigos 142.3 e 146 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia, así como o Decreto 143/2016 de 22 de setembro polo que se aproba o seu regulamento.

Vista a delegación de competencias feita pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local, mediante Decreto núm. 75/2026 ditada o 13/04/2026, pola presente elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

Primeiro.- Declarar completa a documentación presentada, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do concello.

Segundo.- A obra realizarase tendo en conta as condicións establecidas no informe técnico municipal que se transcribe .

Cuarto.- Notificar o presente acordo á parte interesada, con expresión dos recursos que pode interpoñer contra o mesmo, así como o lugar e o prazo para interpoñelos.

En Coirós, na data da sinatura dixital.
O alcalde,

Francisco Quintela Requeijo
(documento asinado dixitalmente)"

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

4º. Licenzas urbanísticas e comunicacións previas

4.1. COMUNICACIÓN PREVIA DE CONSTRUCCIÓN DE PISCINA. EXPTE. 2026/U026/000008

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 3 de xuño de 2026, que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: COMUNICACIÓN PREVIA DE CONSTRUCCIÓN DE PISCINA. EXPTE. 2026/U026/000008

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Visto o informe técnico emitido pola arquitecta municipal Iria Pérez Miranda en data 26.05.2026, que literalmente di:

“ INFORME TÉCNICO

INF:2026/U026/000008

DATA: RE-22 (15/01/2026) – RE-999_158 (13/03/2026)
ASUNTO: COMUNICACIÓN PREVIA DE CONSTRUCCIÓN DE PISCINA
INTERESADO: Delfina Lóepz Barros (76309199Y)
PRESENTADOR: José Ramón Gestal Gómez (46908443Y)
NOTIFICACIÓN: telemática rayburgo@gmail.com 686.350953
SITUACIÓN: Coirós de Arriba 75
REF. CATASTRAL: 7990820NH6878N
P.E.M.: 9.075€+IVE (orçamento proxecto técnico)
TAXA: 10€ (15/01/2026)
ICIO (3,5%): 317,62€ (07/04/2026)

Iria Pérez Miranda, arquitecta municipal do Concello de Coiros, unha vez examinada a documentación presentada no concello de Coirós e tendo en conta a lexislación aplicable,

Emite o seguinte **INFORME:**

ANTECEDENTES:

1º/ Con RE-22 (15/01/2026) D. José Ramón Gestal Gómez (46908443Y) en representación de D^a Delfina Lóepz Barros (76309199Y) achega comunicación previa de obras xunto coa seguinte documentación:

- Instancia de comunicación previas de obras
- Documento municipal indicando documentación que debe acompañar ás comunicacións previas. Indicando unha Piscina en Coiros de Arriba 75 de 8x4
- Copia do DNI de interesada e representante
- Autorización de representación
- Croquis sobre plano catastral indicando a situación da piscina
- Fotografía do emprazamento
- Orçamento 7.521,98€+IVE
- Copia parcial de escritura
- Autorización da Demarcación de estradas do Estado en Galicia (LCO-AUT-25-366) e pago da taxa

2º/ O 05/0/2026 a técnico que subscribe emite informe de requirimento de unha serie de aclaracións/ subsanacións no expediente.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

3º/ A través do Sistema de interconexión de Rexistros remítese o expediente á Departamento Territorial da consellería de Cultura, Lingua e Xuventude solicitando a preceptiva autorización.

4º/ Con Re 999_158 o 13/03/2026 D. Jose Ramón Gestal Gómez (46908483Y) achega ao expediente a seguinte documentación:

- Proxecto de piscina asinado polo arquitecto Diego Vila Fernandez colexiado 4925 COAG

5º/ Con expediente XTC-2026-0496.AUI achégase resolución da DX de Patrimonio Cultural para instalación de piscina prefabricada en Coiros de Arriba 75 autorizando as obras solicitadas.

OBXECTO DA PETICIÓN:

A presente comunicación previa refírese, segundo a documentación achegada, á instalación dunha piscina prefabricada de uso particular con dimensións 8m x 3,8m e 1,45m de profundidade a situar na parcela con ref catastral 7990820NH6878N situada no lugar de Coirós de Arriba 75.

LEXISLACIÓN E NORMATIVA APLICABLE:

- 1- Plan Xeral de Ordenación Municipal de o concello de Coirós, aprobado definitivamente o 19 de setembro de 2002, publicada a aprobación no DOG o 07/10/2002 e no BOP xunto coa normativa o 15/10/2002. (PXOM)
- 2- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia. (LSG).
- 3- Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro. (RLSG)
- 4- Plan Básico autonómico de Galicia aprobado por Decreto 83/2018.
- 5- Lexislación sectorial de aplicación.

INTEGRIDADE DOCUMENTAL:

A documentación achegada considérase suficiente.

AXUSTE DAS OBRAS AO PLANEAMENTO E NORMATIVAS:

1. O PXOM de Coirós clasifica os terreos obxecto deste informe como SOLO DE NÚCLEO RURAL coa calificación de núcleo rural DENSO

A Disposición transitoria primeira da LSG- *Réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento* establece no apartado 2.c) que ao solo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións de solo non urbanizable de núcleo rural, nas súas áreas de influencia ou tolerancia, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo.

CUMPRIMENTO DOS PARÁMETROS URBANÍSTICOS DAS OBRAS (PXOM)

- O uso piscina englobase no deportivo de categoría 3ª, que é un uso permitido na ordenanza de aplicación na parcela.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

- A posición da piscina CUMPRE cos recuados establecidos nas condicións de posición, retranqueo a lindeiros de polo menos 3m. Non son de aplicación as condicións de volume e edificación ao non tratarse dunha edificación.

O proxecto achegado indica que "a vía de evacuación do contido do vaso da piscina dunha eventual necesidade, debido a unha reparación ou substitución da auga por mal estado de esta, para o baleirado da piscina, realizarase mediante extracción externa a través de motobomba cisterna, sendo trasladada a auga a un lugar de tratamento especializado cumprindo coa lexislación vixente no momento de dita manobra"

LEXISLACIÓN SECTORIAL

ESTRADAS DO ESTADO:

O interesado achega autorización da Demarcación de estradas do Estado en Galicia (LCO-AUT-25-366) na que se informa favorablemente a actuación solicitada, indicando unha serie de condicións que deberán ser tidas en conta en todo momento.

PATRIMONIO CULTURAL

O Plan Básico Autonómico, recolle no seu catálogo de bens a protexer a denominada Casa en Coirós de Arriba que no Informe da DX do Patrimonio Cultural relativo á modificación puntual nº 3 do PXOM de Coirós indicaba como elemento de valor patrimonial. Non se establece o nivel de protección deste elemento

Este elemento atópase na parcela estremeira á que se pretende a actuación. Os terreos onde se pretenden as obras atópanse dentro do contorno de protección deste elemento.

Conforme o artigo 45 da Lei 5/2016 as intervencións que se realicen no contorno de protección dos bens de interese cultural e catalogados deberán contar coa autorización da administración competente. E polo tanto deberá contar (dado que non se conta co seu nivel de protección) coa autorización da concellería competente en materia de patrimonio cultural.

Obra no expediente resolución da DX de Patrimonio cultural (expte XTC-2026-0496.AUI) autorizando as obras solicitadas.

CONCLUSIÓN

De acordo coa comunicación previa e documentación presentada polo interesado, salvo dereito de propiedade e ser perxuízo de terceiros, e tendo en conta todo o anterior, establécense as seguintes conclusións:

- 1.- Segundo a documentación presentada, as obras descritas están sometidas ó réxime de comunicación previa, de acordo co artigo 142º da Lei 2/2016, do solo de Galicia.
- 2.- O Concello de Coirós acusa recibo da execución de obras en réxime de comunicación previa.
- 3.- O interesado declara, baixo a súa responsabilidade:
 - Que son certos cantos datos e manifestacións foron expostos na comunicación e documentación que se anexa

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

- Que as actuacións que se detallan cumpren coa normativa urbanística e sectorial de aplicación no Concello e que serán executadas de acordo coas condicións xerais e específicas establecidas.
 - Que se obtiveron todas as autorizacións e/ou informes sectoriais preceptivos necesarios para o inicio da obra, así como concesións administrativas ou autorizacións correspondentes cando o acto pretendido supoña a ocupación ou utilización do dominio público do que sexa titular outra administración pública.
 - Que as obras e os materiais que se empreguen harmonizarán co conxunto do entorno.
 - Que a edificación non está suxeita a ningún tipo de catalogación nin protección histórico-artístico, nin afecta a dominio público.
 - Que non se van realizar obras suxeitas ao deber de obtención de licenza.
- 4.-** Neste trámite compróbase que a documentación está completa, é veraz e acomoda inicialmente á legalidade. O procedemento finaliza coa inspección das obras.
- 5.-** A inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial de calquera dato, manifestación ou documento que se incorpora á comunicación previa comporta, tras a audiencia ao interesado, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada, sen perxuízo da incoación do expediente de reposición da legalidade e/ou sancionador que proceda.
- 6.-** As obras non poderán iniciarse ata o transcurso de 15 días hábiles contados dende a presentación da comunicación coa documentación completa e deberá finalizarse no prazo fixado na documentación ou no seu defecto nun prazo máximo seis meses.
- 7.- DISPOSICIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE:** Na execución dos traballos o construtor terá que cumprir as condicións establecidas no artigo 11º do "Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as condicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción así como de xestión de residuos da construción.
- 8.- RESIDUOS:** Deberase cumprir o establecido no D. 105/2008 polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición así como a Lei 6/2021 de residuos e solos contaminados de Galicia.
- CONSIDERACIÓNS PARTICULARES:**
- 9.-** Conforme a ordenanza municipal de saneamento non poderá realizarse o baleirado da piscina á rede de sumidoiros, debendo tal como indica no proxecto realizarse o baleirado con camión moto- bomba.
- 10.-** Deberán cumprirse en todo caso as condicións xerais e particulares recollidas na autorización da Demarcación de estradas do Estado achegada polo interesado. (LCO-AUT-25-366)

E para que conste aos efectos oportunos, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros expide o presente en Coirós a 26 de maio de 2026

A arquitecta municipal:
Iria Pérez Miranda,

Visto o disposto nos artigos 142.3 e 146 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia, así como o Decreto 143/2016 de 22 de setembro polo que se aproba o seu regulamento.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Vista a delegación de competencias feita pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local, mediante Decreto núm. 75/2026 ditada o 13/04/2026, pola presente elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

Primeiro.- Declarar completa a documentación presentada, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do concello.

Segundo.- A obra realizarase tendo en conta as condicións establecidas no informe técnico municipal que se transcribe .

Terceiro.- Aprobar a seguinte liquidación tributaria de carácter provisional da taxa por expedición de documentos administrativos e do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

- Ordenanza reguladora da taxa por expedición de licenzas urbanísticas (BOP nº 11 do 16.01.2013):
 - 1.2.- Servizos urbanísticos:
 - 1.2.1.- Tramitación de expedientes de licenzas:
 - De obra menor: 10 euros.
- Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (BOP n.º 30 do 12.02.2018). Tipo de gravame: 3,5%
Orzamento de execución material: 9.075€.
Importe : 317,62 €

TOTAL: 327,62 €

Cuarto.- Notificar o presente acordo á parte interesada, con expresión dos recursos que pode interpoñer contra o mesmo, así como o lugar e o prazo para interpoñelos.

En Coirós, na data da sinatura dixital.
O alcalde,

Francisco Quintela Requeijo
(documento asinado dixitalmente)"

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

4.2. COMUNICACIÓN PREVIA OBRAS DE ACOMETIDA ELÉCTRICA. EXPTE: 2026/U026/000024

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 8 de xuño de 2026, que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DE ACORDO

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Asunto: COMUNICACIÓN PREVIA OBRAS DE ACOMETIDA ELÉCTRICA . EXPTE: 2026/U026/000024

Visto o informe técnico emitido pola arquitecta municipal Iria Pérez Miranda en data 29.05.2026, que literalmente di:

“ INFORME TÉCNICO

EXP:2026/U026/000024

DATA:	RE-999_130 (28/02/2026) – RE-999_532 (29/05/2026)
ASUNTO:	COMUNICACIÓN PREVIA OBRAS DE ACOMETIDA ELÉCTRICA
INTERESADO:	UDF Distribución Electricidad SA (****22***)
PRESENTADOR:	Elena Navarro Cuellas (****08***)
SITUACIÓN:	Fontelo 19
REF CAT:	1368903NH7816N0001RG (vivenda a subministrar)
DOCUMENTACIÓN:	Proxecto RBTS- LUGAR FONTELO nº19 (COIRÓS) 618125060130
ORZAMENTO:	757,41€
TAXA:	10€ (26/02/2026)
ICIO (3,5%):	26,51€ (28/04/2026)

Iria Pérez Miranda, arquitecta municipal do concello de Coirós, tendo en conta a documentación obrante no Concello de Coirós e os antecedentes en relación ao citado expediente

Emite o seguinte **informe:**

ANTECEDENTES:

1º/ Con RE-999_130 (28/02/2026) D. David Alonso Gregoris (46835132W) en representación da empresa Unión Fenosa distribución achega documentación para atender unha petición de subministro eléctrico de 95,75kw para vivenda Unifamiliar coa seguinte documentación:

- Solicitud Xeral
- Proxecto RBTS- LUGAR FONTELO nº19 (COIRÓS) 618125060130 asinado pola enxeñeira Susana Casais Pérez col 2033 COETICOR. Declaración responsable de técnico proxectista
- Pago da taxa (10€)

2º/ Con data 22/04/2026 a técnico que subscribe emite informe requirindo unha serie de aclaracións/subsanacións

3º/ Con RE-999_420 o 04/05/2026 Elena navarro Cuellas (****08***) en represnetación de UDF Distribución Electricidad SA (****22***) achega ao expediente a seguinte documentación:

- Xustificante de transferencia d pago do ICIO
- Autorización Demarcación de estradas do Estado LCO-AUT-25-398

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

- Autorización de representación de UDF Distribución Electricidad SA (****22***) a favor de Maria Luisa Alvarez Rodriguez

- Copia DNI Maria Luisa Alvarez Rodriguez

4º/ Con RE-999_532 (29/05/2026) Elena navarro Cuellas (****08***) en represnetación de UDF Distribución Electricidad SA (****22***) achega ao expediente a seguinte documentación:

- Autorización de representación de UDF Distribución Electricidad SA (****22***) a favor de Elena navarro Cuellas

- Copia DNI Elena navarro Cuellas

INTEGRIDADE DOCUMENTAL:

Analizada a documentación considérase suficiente

PROXECTO OBXECTO DO INFORME:

Infórmase sobre a documentación referente ao Proxecto RBTS- LUGAR FONTELO nº19 (COIRÓS) 618125060130 redactado por pola enxeñeira Susana Casais Pérez col 2033 COETICOR

O obxecto do proxecto achegado é:

"UFD empresa distribuidora de energía eléctrica, para atender la petición de suministro eléctrico de 5,75 kW para vivienda unifamiliar , ha redactado el ESTUDIO de construcción de las siguientes instalaciones:

LÍNEAS ELÉCTRICAS SUBTERRÁNEAS DE BAJA TENSIÓN

Se proyecta línea subterránea de Baja tensión en conductor XZ1-2(1x50) (16 metros) con inicio en PASO proyectado sobre apoyo HV-250/11 existente (Punto A de plano de maniobras eléctricas) y final en CPM a instalar en el límite de la propiedad con la vía pública (Punto B de plano de maniobras eléctricas). Las líneas subterráneas discurrirán por canalización proyectada en zanja 0,2x1 metros en tubo de polietileno de alta densidad y diámetro de 160 mm con una longitud total de 3 metros (Tramo A - B del plano de obra civil)."

A vivenda a que se pretende subministro conta coa referencia catastral 1368903NH7816N0001RG contando cun uso residencial datado en 1930.

DATOS:

LEXISLACIÓN E NORMATIVA APLICABLE:

- 1- Plan Xeral de Ordenación Municipal de o concello de Coirós, aprobado definitivamente o 19 de setembro de 2002, publicada a aprobación no DOG o 07/10/2002 e no BOP xunto coa normativa o 15/10/2002. (PXOM)
- 2- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia. (LSG)
- 3- Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro.
- 4- Plan Básico Autonómico de Galicia aprobado por Decreto 83/2018 de 26 de xullo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

5- Lexislación sectorial de aplicación

CLASIFICACIÓN/ CUALIFICACIÓN DO SOLO E NORMATIVA APLICABLE:

O ámbito obxecto do presente informe atópase en terreos clasificados no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Coirós como SOLO DE NÚCLEO RURAL.

A canalización discorre segundo a documentación achegada por viario, terreos de titularidade pública estatal.

Disposición transitoria primeira da LSA- *Réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado ou sen planeamento establece no apartado 2.c) Ao solo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións de solo non urbanizable de núcleo rural, nas súas áreas de influencia ou tolerancia, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo.*

O artigo 36 do PXOM de Coirós establece que se procurará que as liñas de distribución e alumeadado público sexan de instalación subterránea. As nova canalización é subterránea.

O artigo 92 da LSG establece que as construcións de cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes en zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4m do eixe da vía pública á que dean fronte agás que o instrumento de ordenación urbanística estableza unha distancia superior. **A MP nº3 que establece as aliñación da estrada N6 ao seu paso polo núcleos rurais establece unha aliñación consolidada nesta mazá, co ancho existente.** O CMP poderá situarse sobre o peche existente, nunca a a unha distancia inferior.

DOMINIO PÚBLICO:

Coas obras pretendidas é necesario realizar obras no viario de titularidade estatal, polo que en aplicación do establecido no artigo 144.1 da LSG, é necesaria recadar autorización previa por parte do titular do dominio público.

As obras contan con autorización da Demarcación de estradas do Estado en Galicia , expediente LCO-AUT-25-398 que establece unha serie de condicións xerais e particulares que deben ser tidas en conta en todo momento.

AFECCIÓNS SECTORIAIS:

CONCENTRACIÓN PARCELARIA

Os terreos onde se pretende obrar foron obxecto dun proceso de concentración parcelaria. Os PXOM con posterioridade clasificou este terreos como solo de núcleo rural. Non precisa autorización.

ESTRADA ESTATAL.

As obras sitúanse dentro da zona de afección da estrada N-6.

As obras contan con autorización da Demarcación de estradas do Estado en Galicia , expediente LCO-AUT-25-398 que establece unha serie de condicións xerais e particulares que deben ser tidas en conta en todo momento.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

CONCLUSIÓN:

De acordo coa comunicación previa e documentación presentada polo interesado, salvo dereito de propiedade e ser prexuízo de terceiros, e tendo en conta todo o anterior, establécense as seguintes conclusións:

- 1.- Segundo a documentación presentada, as obras descritas están sometidas ó réxime de comunicación previa, de acordo co artigo 142º da Lei 2/2016, do solo de Galicia.
- 2.- O Concello de Coirós acusa recibo da execución de obras en réxime de comunicación previa.
- 3.- O interesado declara, baixo a súa responsabilidade:
 - Que son certos cantos datos e manifestacións foron expostos na comunicación e documentación que se anexa
 - Que as actuacións que se detallan cumpren coa normativa urbanística e sectorial de aplicación no Concello e que serán executadas de acordo coas condicións xerais e específicas establecidas.
 - Que se obtiveron todas as autorizacións e/ou informes sectoriais preceptivos necesarios para o inicio da obra, así como concesións administrativas ou autorizacións correspondentes cando o acto pretendido supoña a ocupación ou utilización do dominio público do que sexa titular outra administración pública.
 - Que as obras e os materiais que se empreguen harmonizarán co conxunto do entorno.
 - Que a edificación non está suxeita a ningún tipo de catalogación nin protección histórico-artístico, nin afecta a dominio público.
 - Que non se van realizar obras suxeitas ao deber de obtención de licenza.
- 4.- Neste trámite compróbase que a documentación está completa, é veraz e acomoda inicialmente á legalidade. O procedemento finaliza coa inspección das obras.
- 5.- A inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial de calquera dato, manifestación ou documento que se incorpora á comunicación previa comporta, tras a audiencia ao interesado, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada, sen prexuízo da incoación do expediente de reposición da legalidade e/ou sancionador que proceda.
- 6.- As obras non poderán iniciarse ata o transcurso de 15 días hábiles contados dende a presentación da comunicación coa documentación completa e deberá finalizarse no prazo fixado na documentación ou no seu defecto nun prazo máximo seis meses.
- 7.- DISPOSICIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE: Na execución dos traballos o construtor terá que cumprir as condicións establecidas no artigo 11º do "Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as condicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción así como de xestión de residuos da construción.
- 8.- RESIDUOS: Deberase cumprir o establecido no D. 105/2008 polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición así como a Lei 6/2021 de residuos e solos contaminados de Galicia.

CONSIDERACIÓNS PARTICULARES:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

9.- As obras contan con autorización da Demarcación de estradas do Estado en Galicia , expediente LCO-AUT-25-398 que establece unha serie de condicións xerais e particulares que deben ser tidas en conta en todo momento.

10.- O dominio público que ocupan as obras é de titularidade estatal. As obras contan con Autorización da Demarcación de estradas do Estado en Galicia. LCO-AUT-25-398

11.- A MP nº3 que establece a aliñación da estrada N6 ao seu paso polo núcleos rurais establece unha aliñación consolidada nesta mazá, co ancho existente. O CMP poderá situarse sobre o peche existente, nunca a unha distancia inferior.

E para que conste aos efectos oportunos, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros expide o presente en Coirós a 29 de maio de 2026

A arquitecta municipal:
Iria Pérez Miranda."

Visto o disposto nos artigos 142.3 e 146 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia, así como o Decreto 143/2016 de 22 de setembro polo que se aproba o seu regulamento.

Vista a delegación de competencias feita pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local, mediante Decreto núm. 75/2026 ditada o 13/04/2026, pola presente elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

Primeiro.- Declarar completa a documentación presentada, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do concello.

Segundo.- A obra realizarase tendo en conta as condicións establecidas no informe técnico municipal que se transcribe .

Terceiro.- Aprobar a seguinte liquidación tributaria de carácter provisional da taxa por expedición de documentos administrativos e do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

- Ordenanza reguladora da taxa por expedición de licenzas urbanísticas (BOP nº 11 do 16.01.2013):
 - 1.2.- Servizos urbanísticos:
 - 1.2.1.- Tramitación de expedientes de licenzas:
 - De obra menor: 10 euros.
 -
- Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (BOP nº 30 do 12.02.2018). Tipo de gravame: 3,5%
Orzamento de execución material: 757,41 €.
Importe :26,51 €

TOTAL: 36,51 €



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Cuarto.- Notificar o presente acordo á parte interesada, con expresión dos recursos que pode interpoñer contra o mesmo, así como o lugar e o prazo para interpoñelos.

En Coirós, na data da sinatura dixital.
O alcalde,

Francisco Quintela Requeijo
(documento asinado dixitalmente)”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

4.3. COM. PRE. DE INSTALACIÓN DE PANEIS SOLARES. EXPTE: 2026/U026/000018

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 8 de xuño de 2026, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: COM. PRE. DE INSTALACIÓN DE PANEIS SOLARES. EXPTE: 2026/U026/000018

Visto o informe técnico emitido pola arquitecta municipal Iria Pérez Miranda en data 29.05.2026, que literalmente di:

“ INFORME TÉCNICO

EXP: 2026/U026/000018

DATA:	RE-999_75 (09/02/2026) – RE-999_390 (29/04/2026) – RE-SIR9_162 (05/05/2026)- RE-999_531 (28/05/2026)
ASUNTO:	COM. PRE. DE INSTALACIÓN DE PANEIS SOLARES
INTERESADO:	Lucie Freire (****53***)
PRESENTADOR:	Pablo Juarez Martínez (****49***)
SITUACIÓN:	Aldea Mande 1
REF. CATASTRAL:	002200400NH69B0001WD
ORZAMENTO:	PEM: 33.454,54€+IVE
TAXA:	10€ (28/04/2026)
ICIO (3,5%):	1.171€ (28/05/2026)

Iria Pérez Miranda, arquitecta municipal do concello de Coiros, tendo en conta a documentación obrante no Concello de Coirós e os antecedentes en relación ao citado expediente,

Emite o seguinte **informe:**

ANTECEDENTES:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

1º/ Con rexistro de entrada RE-999_75 (09/02/2026) Pablo Juarez Martínez (****49****) en representación de Lucie Freire (****53****) achega comunicación previa de obras en parcela con referencia catastral 02200400NH69BWD coa seguinte documentación:

- Instancia de comunicación previa
- Memoria técnica de instalación fotovoltaica para autoconsumo elaborada por Jose Santillana Bravo enxeñeiro eléctrico colexiado 12877 do Colexio oficial de Enxeñeiros técnicos industriais de Valencia, visado.
- Orzamento instalación 33.454,54€
- Fotografías estado actual
- Esquema unifilar
- Planos
- Copia do pasaporte da solicitante.

2º/ Con data 31/03/2026 a técnico que subscribe eijmite informe de requirimento solicitando unha serie de subsanacións/ aclaracións

3º/ Con rexistro de entrada RE-999_390 (29/04/2026) Pablo Juarez Martínez (****49****) en representación de Lucie Freire (****53****) achega ao expediente a seguinte documentación:

- Copia do pasaporte da interesada a modo de acreditación da representación
- Aclaración aerotermia
- Copia do requirimento remitido polo concello
- Liquidación ICIO remitida
- Liquidación taxa remitida
- Copia do numero de conta do concello
- Certificado- edicto de seguridade do inmovible para instalación de paneis asinado polo arquitecto Alexandre Farto Fernandez col 4468 do COAG
- Certificado de colexiación de arquitecto
- Copia escritura
- Autorización do Servizo de Patrimonio natural as obras cunha serie de consideración
- Recibo de presentación ante Augas de Galicia
- Pago de taxas a Augas de Galicia

3º/ Con rexistro de entrada a través do SIR RE-9_162 (05/05/2026) ten entrada dende Augas de Galicia a comunicación das obras declaradas indicando que cumpre cos requisitos establecidos no RDPH e D 42/2020.

4º/ Por Re-999_531 (28/05/2026) D. Pablo Juarez Martínez (****49****) en representación de Lucie Freire (****53****) achega ao expediente a seguinte documentación

- Acredita a representación achegando copia do pasaporte da interesada

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

- Xustificante de pago do ICIO 1.171€ (28/05/2026)

INTEGRIDADE DOCUMENTAL:

Analizada a documentación achegada esta considérase suficiente.

OBXECTO DAS OBRAS

Da documentación achegada despréndese que se pretende a instalación de 10 módulos fotovoltaicos para autoconsumo instalados sobre subestrutura na cuberta, inversor e dúas baterías, no inmovible con referencia catastral 002200400NH69B0001WD.

Por Re-999 29/04/2026 achegase aclaración indicando que a indicación de instalación de aeroterminia é un error e que a instalación fotovoltaica é para autoconsumo sen vertido á rede.


LEXISLACIÓN E NORMATIVA APLICABLE:

- 1- Plan Xeral de Ordenación Municipal de o concello de Coirós, aprobado definitivamente o 19 de setembro de 2002, publicada a aprobación no DOG o 07/10/2002 e no BOP xunto coa normativa o 15/10/2002. (PXOM)
- 2- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia. (LSG).
- 3- Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro. (RLSG)
- 4- Plan Básico Autonómico de Galicia aprobado por Decreto 83/2018 de 26 de xullo.
- 5- Lexislación sectorial de aplicación.

CUMPRIMENTO DO RÉXIME DE APLICACIÓN:

- 1.- O PXOM de Coirós clasifica os terreos obxecto deste informe como SOLO RÚSTICO de protección medioambiental. A Disposición transitoria primeira da LSG- *Réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento* establece no apartado 2 o réxime de aplicación aos Concellos con planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor da lei 2/2016 e non adaptado á LOUG. (Caso do PXOM de Coirós) O punto d) establece que ao solo non urbanizable ou solo rústico aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico.
- 2.- O réxime do solo rústico establécese na sección 4ª do Capítulo II do Título I da LSG. Distínguese entre o solo rústico de protección ordinaria e o solo rústico de especial protección. O solo rústico de especial protección son os terreos afectados pola lexislación sectorial recollendo as seguintes categorías: agropecuaria, forestal, protección das augas, costas, protección de infraestruturas, protección de espazos naturais, protección paisaxística, e de protección patrimonial. O punto 4 do artigo 34 determina que cando un terreo polas súas características poida corresponder a varias categorías de solo rústico aplicaranse os distintos réximes de forma complementaria.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garante
Organismo co Código de Verificación Dixital (CV
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxin





Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

3. O Decreto 83/2018, de 26 de xullo aproba o plan básico autonómico no que se recollen a totalidade das afeccións sectoriais no territorio.

Realizada a consulta a través do visor do PBA de Galicia actualizado por resolución do 15/12/2025 da D. X. de Ordenación do territorio e urbanismo (DOG 18/12/2025) coa corrección de erros do 13/01/2026 (DOG 27/01/2026) obtense o seguinte resultado: Dentro da afección de Rede Natura 2000 e na zona de policía de canles.

